



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON1011AW	Expediente CON/36/2016	



### ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 58.500,50 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de novembro de 2016, ás 9:30 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vocais:** D. Jorge Duarte Vázquez, representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Jesús Rodríguez Castro, xefe servizo informática.

Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

Dna. Luisa Prego de Oliver, en substitución do director da asesoría xurídica.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

#### **OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	28/10/2016	51.162	B36938009 EDNON SL
2	31/10/2016	51.256	A80644081 ACUNTIA, S.A
3	31/10/2016	51.292	B70240320 EVELB TECNICAS Y SISTEMAS

*\*Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que todos eles aportan a documentación requirida polo prego.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 9.40 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1011AW	<i>Expediente</i> CON/36/2016	



## **ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 58.500,50 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de febreiro de 2016, ás 10:25 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vocais:**

- D. María Rozas, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Jesús Rodríguez Castro, xefe servizo informática.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación ~~NON~~ avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta e conta coa conformidade e voto favorable de todos os membros da mesa.

Ás 10:35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1011AW	<i>Expediente</i> CON/36/2016	



### ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 58.500,50 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 14 de febreiro de 2016, ás 9:05 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vocais:** D. Marta Lois González, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Jesús Rodríguez Castro, xefe servizo informática.  
Dna. Ana Gago, viceinterventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten representantes da empresa ACUNTIA SA e da empresa EANON SL.

A Mesa de Contratación procede a dar lectura pública do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	INCREMENTO HORAS PRESENCIAIS	BOLSA DE HORAS
1	B36938009 EDNON SL	43.290	7 diarias	50 anuais
2	A80644081 ACUNTIA, S.A	43.460'53	7 diarias	50 anuais
3	B70240320 EVELB TECNICAS Y SISTEMAS	57.430'18	7 diarias	20 anuais

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA





Exp. CON/36/2016

ASUNTO: AVALIACIÓN DAS OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE OPERACIÓN E MANTEMENTO DA REDE DE DATOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PROPOSICIÓN RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CRIFRAS OU PORCENTAXES).

## 1. INTRODUCCIÓN

As ofertas recibidas para avaliación son as presentadas por ACUNTIA SA, EDNON SL e EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS.

Os criterios establecidos no prego como non avaliados mediante cifras ou porcentaxes son os que se indican de seguido:

### A.1. Plan de traballo (ata 20 puntos)

Neste apartado valorarase a oferta que ofrezca un mellor plan de traballo para a operación e mantemento que garanta o óptimo funcionamento da rede, a mellora na organización e cumprimento de estándares, a melloras de acordo a nivel de servizo, a mellora nas ferramentas de xestión e na posta a disposición de información para o Concello.

### A.2. Equipo de traballo adscrito directamente á execución do contrato (ata 20 puntos)

Neste apartado valorarase o equipo de persoas ofertado polo licitador, atendendo á súa composición, titulación académica, experiencia en traballos similares, certificacións de fabricantes de equipamento de referencia, formación e coñecementos específicos no ámbito do proxecto, e demais aspectos relevantes para a execución dos traballos contratados. É necesario indicar a porcentaxe de dedicación ao proxecto de tal xeito que quede reflectido quen forma parte do equipo habitual e que pode ter unha participación puntual.

### A.3. Control e seguimento dos traballos (ata 5 puntos)

Neste apartado teranse en conta ferramentas, métodos e técnicas relativas ao seguimento e control do proxecto ou contrato no seu conxunto.

## 2. ANÁLISE DAS OFERTAS

### 2.1. Criterio A1. Plan de traballo (ata 20 puntos)

#### 2.1.1. Descrición xeral do plan de traballo (ata 5 puntos)

Valórase neste apartado a descrición xeral que se fai nas ofertas do plan de traballo.

A valoración nese punto faise en base á descrición dos servizos ofertados, que son estándar de mercado, e non sobre o coñecemento concreto que poida ter o licitador sobre a rede de datos municipal, que en todo caso se describe en detalle no prego.

#### Oferta de Ednon

A oferta inclúe o compromiso de acatar o contido do prego. Ademais, presenta unha descrición moi detallada do servizo ofrecido, desenvolvendo amplamente todos os apartados, máis alá do establecido no propio prego técnico. Neste senso, amosa amplo coñecemento sobre o obxecto do contrato e solvencia para levar a cabo o plan de traballo.

No que respecta aos parámetros de nivel de servizo axústase ao establecido no prego.

Establece tarefas e entregables en cada fase do proxecto (arranque, execución e peche), detallando a enxeñaría de rede inicial, a supervisión da rede, o mantemento e os servizos de xestión (incidencias, cambios, configuración, seguridade, problemas e inventario).

inclúe ademais a realización dun estudo exhaustivo da rede e presentación dunha proposta para migración a 10G tanto no core coma noutro equipamento.


#### Oferta de Acuntia

As ofertas inclúe o compromiso de acatar o contido do prego. Ademais, presenta unha descrición moi detallada do servizo ofrecido, desenvolvendo amplamente todos os apartados, máis alá do establecido no propio prego técnico. Neste senso, amosa amplo coñecemento sobre o obxecto do contrato e solvencia para levar a cabo o plan de traballo.

No que respecta aos parámetros de nivel de servizo axústase ao establecido no prego.

Establece tarefas e entregables para as fases de arranque, prestación e reversión. Inclúe descrición das tarefas de mantemento de rede (xestión de incidencias, de garantía estendida, de stock, de atención e consultas, de mantementos, de versións, e de soporte técnico), das tarefas de operación de rede (xestión de eventos, de incidencias, de problemas, de cambios, de rendemento e capacidade, de configuracións, de versións, de niveis de servizo, de informes e cadros de mando), e das tarefas transversais.

Oferta de Evelb



A oferta non inclúe o compromiso de acatar o contido do prego. Ademais, se ben inclúe unha descrición por apartados, esta é moito menos detallada que nas ofertas anteriores, polo que non reflicte suficientemente coñecemento sobre o obxecto do contrato e solvencia para levar a cabo o plan de traballo. Como aspecto destacable, indica explicitamente o apoio presencial do coordinador durante 2 horas os primeiros 30 días para a elaboración da diagnose inicial, así como un incremento de 5 horas sobre as 15 horas previstas no prego para asesoramento técnico, motivo polo que recibe puntuación neste apartado.

No que respecta aos parámetros de nivel de servizo axústase ao establecido no prego.

EDNON	ACUNTIA	EVELB
5	5	1

Descrición xeral do plan de traballo

2.1.2. Metodoloxía (ata 2 puntos)

Valórase neste apartado a mención a metodoloxías estándares de mercado e o nivel metodolóxico na prestación do servizo que reflicte a oferta.

Oferta de Ednon

Detallan unha metodoloxía baseada no estándar ITIL. Ademais, todo o documento reflicte un elevado nivel metodolóxico na prestación do servizo.

Oferta de Acuntia

Detallan unha metodoloxía baseada no estándar ITIL. Ademais, todo o documento reflicte un elevado nivel metodolóxico na prestación do servizo.

Oferta de Evelb

Non detallan unha metodoloxía especificamente baseada en estándares. Neste senso, límitase a mencionar a necesidade de establecer unha metodoloxía de traballo.

EDNON	ACUNTIA	EVELB
2	2	0

Metodoloxía

2.1.3. Ferramentas informáticas de xestión (ata 4 puntos)

Valórase neste apartado a descrición das ferramentas informáticas que se utilizarán para a prestación do servizo, e que son fundamentais para garantir a correcta prestación do servizo.

Oferta de Ednon

Software para a xestión de incidencias, xestión da rede e xestión de inventario, etc., sendo destacable: Monitorización (Zabbix), xestión de incidencias (ServiceDesk Plus MSP), xestión de inventario (ServiceDesk Plus), xestión de contrasinais (Keepass), creación dunha base de datos para a xestión de configuración dos equipos de rede (CMDB) incluíndo o etiquetado dos equipos troncais, e análise de tráfico con WireShark.

Oferta de Acuntia

Software para a xestión de incidencias, xestión da rede e xestión de inventario, etc., sendo destacable: Garantía do fabricante Extreme Networks para soporte e actualización de software de xestión de rede Netsight MNS-BASE-100. Licencia consola operador Oneclick de Spectrum con formación. Usan ferramentas de CA (SPECTRUM INFRAESTR.MANAGER, EHEALTH PERF. e NETSIGHT).

Oferta de Evelb

Ofrece uso de software para monitorización como pandora fms, nagios ou zabbix segundo estudio previo. Na oferta aparece un apartado sobre ferramentas para administración e control da rede, que sen embargo non ten contido.

EDNON	ACUNTIA	EVELB
4	4	1

Ferramentas informáticas de xestión

2.1.4. Pezas en stock para avarías (ata 4 puntos)

Valórase neste apartado a garantía de dispoñibilidade de material e compoñentes para a resolución de incidencias.

Oferta de Ednon


A oferta non inclúe pezas en stock para avarías.

Oferta de Acuntia

Ofrece pezas en stock para o equipo central Matrix N7 e conmutadores de acceso co obxecto de axilizar a resolución de calquera incidencia no caso de que o concello non dispoña de repostos. Trátase dun aspecto que pode axilizar dun xeito importante a resolución de avarías, sobre todo tendo en conta que neste momento dispónse de modelos descatalogados para os que non hai dispoñible mantemento oficial do fabricante. Recibe máis puntuación neste apartado porque fai referencia a elementos especialmente críticos da rede de datos.

Oferta de Evelb

Garantía de stock propio en materiais hardware de uso diario para resolución de pequenos problemas inmediatos que non procede esperar por reposición, ou como alternativa a sistema de subministración actual.



EDNON	ACUNTIA	EVELB
0	4	0,5

Pezas en stock para avarías

2.1.5. Asistencia *in situ* por defecto en incidencias críticas (ata 4 puntos)

Valórase neste apartado o tratamento previsto para as incidencias críticas ou de grande impacto.

Oferta de Ednon

A oferta de Ednon inclúe a asistencia *in situ* para acelerar a resolución dunha incidencia de grande impacto incluso cando finalmente non sexa indispensable esta. Valórase pola axilidade e mellor seguimento que pode aportar á resolución de incidencias.

Oferta de Acuntia

Axústase ao establecido no prego.

Oferta de Evelb

Axústase ao establecido no prego.

EDNON	ACUNTIA	EVELB
4	0	0

Asistencia *in situ* en incidencias críticas





2.1.6. Transferencia tecnolóxica (ata 0,5 puntos)

Valórase neste apartado os aspectos que poden facilitar a reversibilidade do servizo ao remate do contrato.

Oferta de Ednon

Ofrece asistencia telefónica unha vez rematado o contrato durante 30 días para facilitar a migración a un novo provedor.

Oferta de Acuntia

Non ofrece servizos adicionais para facilitar a transferencia tecnolóxica. Indica a posibilidade de prórroga ao remate do contrato por un tempo para facilitar nese prazo a migración a un eventual novo adxudicatario, o que se entende tecnicamente interesante, pero non puntuable como mellora.

Oferta de Evelb

Non ofrece servizos adicionais para facilitar a transferencia tecnolóxica.

EDNON	ACUNTIA	EVELB
0,5	0	0

Transferencia tecnolóxica

2.1.7. Panel de monitorización (ata 0,5 puntos)

Valórase neste apartado o subministro dun panel de monitorización que permita facer o seguimento do estado da rede de datos desde os postos e traballo do servizo de Informática.

Oferta de Ednon

Inclúe un monitor de 40" como panel de monitorización para visualización do estado xeral da rede e alarmas ou eventos.

Oferta de Acuntia

Inclúe un ordenador e un monitor de 32" como panel de monitorización para visualización do estado xeral da rede e alarmas ou eventos.

Oferta de Evelb

Non inclúe ningún equipamento como panel de monitorización.

EDNON	ACUNTIA	EVELB
0,5	0,5	0

Panel de monitorización



2.2. CRITERIO A2. Equipo de traballo (ata 20 puntos)

Valórase neste apartado o equipo de traballo proposto para a prestación do servizo. Tense en conta tanto o número de persoas implicadas directamente coma o seu perfil en base aos parámetros que establece o prego.

Tense en conta unicamente persoal técnico para o que se aporta información detallada sobre o seu nivel de dedicación e o seu perfil que permita verificar a súa idoneidade en base ao establecido no prego administrativo para este criterio.

Para a valoración numérica utilízanse os parámetros "número de membros" e "titulación" porque se consideran representativos, xa que polo demais os perfís descritos presentan similitudes e non se considera que aporten diferenzas importantes no global das ofertas.

2.2.1. Número de membros do equipo (ata 12 puntos)

Oferta de Ednon

Menciona dispoñibilidade 24x7 do comercial. O equipo de traballo está composto por un técnico coordinador, enxeñeiro superior de telecomunicación (dedicación 20%), un técnico de redes (técnico especialista en informática de xestión (dedicación 100%), e catro técnicos adicionais para atención en remoto e soporte ao principal (dedicación 20% cada un). Os técnicos propostos forman parte dun servizo de gardas 24x7, de tal xeito que poderán atender incidencias sobre equipos críticos fóra do horario laboral en remoto ou *in situ*.

Engade unha descrición detallada do perfil de cada membro do equipo, incluíndo formación regrada, formación adicional, certificacións técnicas, coñecementos e experiencia profesional. Os devanditos perfís cumpren e superan as esixencias do prego, polo que se consideran axeitados para a prestación do servizo.

Declara polo tanto seis membros do equipo, cunha dedicación total (suma dos porcentaxes de dedicación) de 200%, na que destaca a do técnico coordinador (20%) e a do técnico principal (100%).

A información aportada sobre o equipo proposto reflicte máis que suficiente solvencia e nivel de dedicación para a prestación do servizo.

Neste apartado asígnase á oferta 12 puntos polo número de membros adicionais ao establecido no prego (4 membros, a razón de 3 puntos c/u).

Oferta de Acuntia

O equipo de traballo está composto por un técnico coordinador, enxeñeiro técnico superior de telecomunicación e máster en comunicacións móbiles (dedicación 25%); un técnico de redes principal, formación profesional informática de xestión (dedicación 100%); e tres técnicos adicionais: un enxeñeiro técnico en informática de xestión, un ciclo formativo superior de informática, e un enxeñeiro superior de telecomunicacións especialidade telemática (dedicación 15% cada un).

A oferta inclúe ademais unha descrición detallada do resto de perfís da organización que darán soporte ao equipo de traballo: o responsable de soporte e mantemento, os técnicos de segundo nivel, o responsable e os operadores do Service desk, e o responsable e os operadores do Centro de servizos xestionados.

Engade unha descrición detallada do perfil de cada membro do equipo, incluíndo formación regrada, formación adicional, certificacións técnicas, coñecementos e experiencia profesional. Os devanditos perfís cumpren e superan as esixencias do prego, polo que se consideran axeitados para a prestación do servizo.

Declara polo tanto cinco membros do equipo, cunha dedicación total de 170%, na que destaca a do técnico coordinador (25%) e a do técnico principal (100%).

A información aportada sobre o equipo proposto reflicte máis que suficiente solvencia e nivel de dedicación para a prestación do servizo.

Neste apartado asígnase á oferta 9 puntos polo número de membros adicionais ao establecido no prego (3 membros, a razón de 3 puntos c/u).

Oferta de Evelb

O equipo está composto por un técnico coordinador con titulación superior e dous técnicos de redes con ciclo superior. Habería un terceiro técnico de redes para substitucións, que participaría de xeito activo no proxecto con substitucións programadas cinco días ao mes.

Declara polo tanto catro membros do equipo.

A oferta non especifica a porcentaxe de dedicación, e tampouco inclúe a información indicada no prego que permita valorar o persoal incluído no equipo de traballo, motivo polo que non recibe puntuación neste apartado.



EDNON	ACUNTIA	EVELB
12	9	0

Número de membros no equipo de traballo

### 2.2.2. Titulación dos membros do equipo (ata 8 puntos)

Valórase neste apartado a inclusión no equipo de traballo de persoal con titulación universitaria adicional ao técnico coordinador, para o cal xa se establece este requisito no prego.

Recibe puntuación aparte por considerase un elemento especialmente diferenciador das ofertas fronte a outros aspectos do perfil dos membros dos equipos que resultan máis homoxéneos e sobradamente cubertos.

Isto considérase especialmente importante porque, tal e como queda patente no prego técnico, o obxecto da contratación non se limita ao mantemento da rede de datos na situación actual coa única mellora dos parámetros de atención e calidade de servizo, senón que se busca unha evolución tanto técnica como de xestión que encaixa no perfil deste tipo de titulacións.

As ofertas que non inclúen perfís con titulación universitaria no reciben puntuación neste subapartado concreto, posto que as melloras que poidan ter feito con respecto ao prego xa foron tidas en conta no subapartado anterior, entendendo que as titulacións aportadas son as mínimas esixibles para este tipo de servizo.

#### Oferta de Ednon

Non inclúe persoal con titulación universitaria.

#### Oferta de Acuntia

Inclúe un enxeñeiro técnico en informática de xestión e un enxeñeiro superior de telecomunicacións especialidade telemática.

#### Oferta de Evelb

Non inclúe persoal con titulación universitaria.

EDNON	ACUNTIA	EVELB
0	8	0

Titulación dos membros no equipo de traballo

2.3. CRITERIO A3. Control e seguimento dos traballos (ata 5 puntos)

Valórase neste apartado a descrición dos mecanismos de control e seguimento que permitan garantir a correcta prestación do servizo.

Oferta de Ednon

Establece ao técnico coordinador como responsable da realización dos informes de seguimento. A oferta inclúe modelos de informes (incidencias pendentes, incidencias resoltas, liñas instaladas, de seguimento de proxectos, revisión dos SLA, informes proactivos de seguimento) con entrega mensual ou a demanda. Propón reunións mensuais ou coa periodicidade establecida polo Concello. Recibe a máxima puntuación polo nivel adicional de detalle.

Oferta de Acuntia

Amosa o organigrama sobre o que se constrúe o modelo de relación, e no que se inclúen todos os perfís implicados. Inclúe apoios puntuais de persoal de proxectos e calidade, ademais do apoio que o responsable de calidade interno de Acuntia dará ao técnico coordinador. O modelo de relación prevé tres niveis: operativo, táctico e estratéxico. A proposta de creación dun comité de seguimento inclúe unha proposta de membros, orde do día e pautas básicas de funcionamento.

Oferta de Evelb

A oferta inclúe reunións de periodicidade bisemanal como mínimo, con sistema e orde pactado onde se establece esquema por orde de preferencia, facendo a medida e designándose por área, por incidencias ou por rendemento. Recibe unha puntuación menor polo baixo nivel de detalle con respecto ao resto das ofertas.

EDNON	ACUNTIA	EVELB
5	4	1

Control e seguimento dos proxectos

### 3. CONCLUSIÓNS

Na táboa seguinte indícanse as puntuacións acadadas en cada punto e as puntuacións totais das ofertas:

CRITERIOS	Prego	Ednon	Acuntia	Evelb
<b>A1. Plan de traballo</b>	<b>20</b>	<b>16</b>	<b>15,5</b>	<b>2,5</b>
1. Descrición plan de traballo	5	5	5	1
2. Metodoloxía	2	2	2	0
3. Ferramentas de xestión	4	4	4	1
4. Pezas en stock para avarías	4	0	4	0,5
5. Asistencia <i>in situ</i> avarías críticas	4	4	0	0
6. Transferencia tecnolóxica	0,5	0,5	0	0
7. Panel de monitorización	0,5	0,5	0,5	0
<b>A2. Equipo de traballo</b>	<b>20</b>	<b>12</b>	<b>17</b>	<b>0</b>
1. Número de membros	12	12	9	0
2. Titulación dos membros	8	0	8	0
<b>A3. Seguimento e control</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>1</b>
1. Descrición do plan de seguimento	5	5	4	1
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>33</b>	<b>36,5</b>	<b>3,5</b>

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

O xefe de servizo de Informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I1AW	<i>Expediente</i> CON/36/2016	



## **ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 58.500,50 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 21 de febreiro de 2016, ás 9 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vocais:** Dna. Concepción Fernández, representante do grupo CA.  
Dna. María José Castro, representante do grupo PP  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Jesús Rodríguez Castro, xefe servizo informática.  
Dna. Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador ACUNTIA SA.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **ACUNTIA SA**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **43.460'53 euros/ano IVE** aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

ASUNTO: AVALIACIÓN DAS OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE OPERACIÓN E MANTEMENTO DA REDE DE DATOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PROPOSICIÓN RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CRIFRAS OU PORCENTAXES).

## 1. INTRODUCCIÓN

As ofertas recibidas para avaliación son as presentadas por ACUNTIA SA, EDNON SL e EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS.

Os criterios establecidos no prego como avaliáveis mediante cifras ou porcentaxes son os que se indican de seguido:

- B.1. Prezo do contrato (Ata 35 puntos)  
Para o cálculo da puntuación aplícase a fórmula que se indica de seguido, e que asigna a máxima puntuación á oferta que presenta a maior baixa económica sobre o orzamento de licitación e puntuacións proporcionais ao resto.

$$P_i = \frac{V_i}{V_{max}} * P_{max}$$

Onde:

- o  $P_i$  son os puntos obtidos pola oferta  $i$
  - o  $V_i$  é o valor (baixa económica) na oferta  $i$
  - o  $V_{max}$  é o maior valor (baixa económica) de entre todas as ofertas válidas
  - o  $P_{max}$  é a puntuación máxima asignada ao criterio
- B.2. Horas presenciais (Ata 15 puntos)  
Outorgarase puntuación ás ofertas que incrementen o número mínimo de horas presenciais diarias, do seguinte xeito.
    - o Seis horas diarias, é dicir, unha hora máis que o mínimo (7 puntos)
    - o Sete horas diarias, é dicir, dúas máis que o mínimo. (15 puntos)
  - B.3. Bolsa de horas (Ata 5 puntos)  
Outorgarase a máxima puntuación á oferta que presente unha bolsa de 50 horas anuais para consultaría e formación en materia de tecnoloxía e xestión de telecomunicacións.



2. ANÁLISE DAS OFERTAS

2.1. Criterio B1. Prezo do contrato (ata 35 puntos)

Os importes das ofertas económicas son os seguintes:

EDNON..... 43.290,00 euros/ano  
ACUNTIA..... 43.460,53 euros/ano  
EVELB..... 57.430,18 euros/ano

Isto supón unha baixa con respecto aos 58.500,50 euros/ano establecidos no prego como orzamento de licitación de:

EDNON..... 15.210,50 euros/ano  
ACUNTIA..... 15.039,97 euros/ano  
EVELB..... 1.070,32 euros/ano

A puntuación de cada oferta obtense aplicando a fórmula sobre as baixas económicas:

EDNON	ACUNTIA	EVELB
35,00	34,61	2,46

Prezo do contrato

2.2. Criterio B2. Horas presenciais (ata 15 puntos)

As horas presenciais ofertadas son as que se indica de seguido:

EDNON..... 7 horas/xornada  
ACUNTIA..... 7 horas/xornada  
EVELB..... 7 horas/xornada

Asígnaselles a puntuación establecida no prego, que resulta ser a máxima para este apartado:

EDNON	ACUNTIA	EVELB
15,00	15,00	15,00

Horas presenciais

2.3. Criterio B3. Bolsa de horas (ata 5 puntos)

**Oferta de Ednon**

Ofrece unha bolsa de 50 horas/ano, tal e como establece o prego, polo que recibe puntuación neste apartado.

**Oferta de Acuntia**

Ofrece unha bolsa de 50 horas/ano, tal e como establece o prego, polo que recibe puntuación neste apartado.

**Oferta de Evelb**

Ofrece unha bolsa de 20 horas/ano, que non cumpre o mínimo establecido no prego para este criterio (50 horas/ano), polo que non recibe puntuación.

EDNON	ACUNTIA	EVELB
5,00	5,00	0,00

Bolsa de horas

**3. PUNTUACIÓN TOTAL DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS**

A puntuación total das ofertas no que respecta aos criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes resulta ser de:

CRITERIOS	Prego	Ednon	Acuntia	Evelb
<b>B1. Prezo do contrato</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>34,61</b>	<b>2,46</b>
<b>B2. Horas presenciais</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>
<b>B3. Bolsa de horas</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>0</b>
<b>TOTAL</b>	<b>55</b>	<b>55</b>	<b>54,61</b>	<b>17,46</b>

4. PUNTUACIÓN FINAL DAS OFERTAS

A puntuación final das ofertas tendo en conta os criterios avaliados e non avaliados mediante cifras ou porcentaxes, resulta ser de:

CRITERIOS	Prego	Ednon	Acuntia	Evelb
Non avaliados mediante cifras ou porcentaxes	45	33	36,50	3,50
Avaliados mediante cifras ou porcentaxes	55	55	54,61	17,46
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>	<b>88</b>	<b>91,11</b>	<b>20,96</b>

Tendo en conta esta táboa, a oferta máis vantaxosa é a presentada pola empresa ACUNTIA ao recibir a máxima puntuación.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017

O xefe de servizo de Informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro



Expendencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON10I1AW	Expediente CON/36/2016	



### ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela..

**TIPO DE LICITACIÓN:** 58.500,50 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 16 de marzo de 2017, as 9:50 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. Marta Irene Lois González

**Vogais:** D. Jorge Duarte representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP.

D. Jesús Rodríguez Castro, xefe servizo informática.

Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.


D. Xaquín Monteagudo Romero, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario **ACUNTIA SA**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 8:58 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
A PRESIDENTE DA MESA



O SECRETARIO DA MESA

